

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Resolución do 11 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos traballadores e traballadoras desempregadas que serán contratadas a través dos programas de cooperación para o ano 2011, como medida para combater o desemprego de longa duración e xuvenil.

Advertidos erros na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 40, do luns 28 de febreiro de 2011, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.293, no sumario, liña 1ª, onde di: «Resolución do 11 de febreiro de 2010», debe dicir: «Resolución do 11 de febreiro de 2011».

Resolución do 15 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais, relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2011.

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2011, que subscribiu a comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais, na xuntanza celebrada o 31 de xaneiro de 2011, e de conformidade co disposto no artigo 90º.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18 de novembro).

Segundo.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2011.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

En Vigo, na sede de *Editorial Galaxia, S.A.*, sendo as 10.30 horas do día 31 de xaneiro de 2011, coa asistencia de Pilar Sampil Sánchez e Carlos del Pulgar Sabín, en representación da *Asociación Galega de Editores*, e de Fernando Fernández González e Jesús Costa Argibay, en representación do sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), celébrase a reunión da comisión mixta paritaria do convenio galego de editoriais, coa seguinte orde do día:

1. Táboa salarial ano 2011.
2. Varios.

Adóptanse os seguintes acordos:

1. Táboa salarial ano 2011.

Consonte os artigos 48º.-Salario mínimo anual, 49º.-Salario base, 50º.-Complemento lineal 51º.-Gratificacións extraordinarias e 52º.-Paga de beneficios, do convenio colectivo galego de editoriais, establécese que:

Con efecto do 1 de xaneiro de 2011, a comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais acorda, logo de actualización das táboas finais do ano 2010, proceder ao aumento do salario mínimo anual, no IPC real do ano 2010 que para Galicia calculase o Instituto Nacional de Estatística, 3,1% máis 0,25%, consonte a táboa salarial anexa.

2. Varios.

A comisión mixta paritaria do convenio galego de editoriais delega en Breixo Lousada Valdes, co DNI 47355398P, o rexistro da táboa salarial do ano 2011, do convenio colectivo galego de editoriais ante a autoridade correspondente.

O que en conformidade coa presente acta asina-mos en Vigo o 31 de xaneiro de 2011.

ANEXO

Salario mínimo anual ano 2011 Incremento salarial do 3,35%

Nivel salarial	Salario base mensual	Salario base 14 mensualidades	Paga de beneficios	Complemento lineal	Salario mínimo anual
1	1.837,80 €	25.729,21 €	2.082,84 €	4.370,06 €	32.182,11 €
2	1.460,81 €	20.451,35 €	1.655,59 €	4.370,06 €	26.477,00 €
3	1.413,69 €	19.791,71 €	1.602,19 €	4.370,06 €	25.763,96 €
4	1.319,45 €	18.472,28 €	1.495,38 €	4.370,06 €	24.337,72 €
5	1.225,20 €	17.152,85 €	1.388,56 €	4.370,06 €	22.911,48 €
6	1.130,95 €	15.833,28 €	1.281,74 €	4.370,06 €	21.485,09 €
7	1.083,83 €	15.173,64 €	1.228,34 €	4.370,06 €	20.772,04 €
8	989,59 €	13.854,21 €	1.121,53 €	4.370,06 €	19.345,81 €
9	942,46 €	13.194,43 €	1.068,12 €	4.370,06 €	18.632,61 €
10	895,34 €	12.534,78 €	1.014,72 €	4.370,06 €	17.919,57 €
11	801,11 €	11.215,50 €	907,92 €	4.370,06 €	16.493,48 €
12	692,70 €	9.697,85 €	785,06 €	4.370,06 €	14.852,97 €
13	631,45 €	8.840,27 €	715,64 €	4.370,06 €	13.925,97 €